

Programa

OVERTURE FOR WINDS OP. 24

Félix Mendelssohn. Arr. John Boyd

SYMPHONY N° 2 FOR WINDS AND PERCUSSION

John Barnes Chance

- I *Sussurando*
- II *Elevato*
- III *Slancio*

SUITE CÉLTICA

José vicente Egea

- I *Andante - Allegro*
- II *Adagietto*
- III *Allegro moderato*

STRANGE HUMORS

John Mackey



Concerto *fin de Master*

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO

9 de maio de 2019

20.00 horas

DIRECTOR

JAVIER ALONSO PÉREZ



VINDEIROS CONCERTOS

12 DE MAIO
no Palacio da Ópera
ás 12.15 h
DIRECTOR TITULAR *Juanjo Ocón*

23 DE MAIO
no Teatro Rosalía
ás 20.00 h
DIRECTOR TITULAR *Juanjo Ocón*

6 DE XUÑO
na Praza das Bárbaras
ás 19.00 h
DIRECTOR *José Luis Represas*

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es

Overture for Winds. Félix Mendelssohn (1809-1947)

Jakob Ludwig Félix Mendelssohn Bartholdy é un dos máis importantes compositores do século XIX. Foi un pianista de renome e un recoñecido director de orquestra a pesar da súa curta vida. Escribiu unha música que combina á perfección a expresividade romántica coas formas e técnicas clásicas.

Esta obertura foi escrita en 1824 para capela instrumental da corte de Bad Doberan, ó norte de Alemaña, onde Mendelssohn veraneaba habitualmente. A partitura orixinal perdeuse, pero foi escrita novamente polo compositor en xullo de 1826. As dúas versións foron tituladas como “Nocturno” e estaban escritas para os 11 instrumentos que formaban a agrupación: unha frauta, dous clarinetes, dous óboes, dous fagotes, dúas trompas, unha trompeta e un corno inglés “di basso”. En 1838, e coa intención de actualizar a obra á instrumentación das bandas alemanas da época, reescribe a partitura cunha maior orquestración: vinte e tres instrumentos de vento máis percusión.

A versión que hoxe interpreta a BMMC é unha nova adaptación, de 1999, para as bandas actuais do autor americano John Boyd.

Second Symphony. John Barnes Chance (1932-1972)

A música de banda, vista tradicionalmente como un tipo de música popular, sufriu unha sorprendente transformación no período de posguerra coa creación de un gran repertorio de obras serias para instrumentos de vento, especialmente nos Estados Unidos. Agrupacións como a Goldman Band ou a Eastman Wind Ensemble e directores como o propio Franko Goldman, o

seu fillo Richard ou o recoñecido Frederick Fennel son fundamentais para entender este impulso. Moitos foron os encargos a grandes autores que deron como resultado obras como Tema e variacións de A. Schoenberg, Suite Francesa de D. Milhau ou a Sinfonía en Si bemol de P. Hindemith.

O estadounidense John Barnes Chance foi profesor de composición na Kentucky University, e compuxo as súas obras, principalmente, para ser interpretadas polas bandas das escolas secundarias. Escribe esta sinfonía despois dun desafío con Clifton Williams que fora o seu mestre en Texas. Tratábase de facer unha composición para banda sobre 4 notas. Esta sinfonía foi o resultado do traballo de Barnes, pero non hai constancia da composición de Williams.

A obra, que consta de tres movementos, foi rematada en 1972 inda que o primeiro (Allegro Energico) xa estaba rematado en 1961. Foi estreada completamente meses despois de que o compositor morrera electrocutado no xardín da súa propia casa.

Suite Céltica. José Vicent Egea Insa (1961-)

José Vicente Egea, natural de Cocentaina (Alicante), é titulado en composición e dirección no Conservatorio Superior de Donostia. Tamén realizou estudos de trompeta, piano, violín, electroacústica e música de cinema.

A súa música foi recoñecida con diferentes galardóns e recibiu encargos do Goberno de Navarra, da Generalitat Valenciana e un sen fin de bandas e orquestras sinfónicas do estado. Actualmente é o director titular da banda de música “La Pamplonesa” e profesor e director da banda do Conservatorio Superior de Navarra “Pablo Sarasate”.

A forma Suite nace nos salóns da aristocracia europea do século XVI e é desenvolvida e variada durante os seguintes séculos. Está formada por unha serie de danzas de carácter e ritmo diferentes. A Suite Céltica, composta en 1999, obtivo o Premio de Composición de música para banda da Federación Galega de Bandas de Música Populares e foi estreada no ano 2000 no Auditorio de Galicia, en Compostela, pola Agrupación Musical do Rosal baixo a dirección de D. José Vicente Simeó Máñez.

A linguaxe modal empregada transpórtanos ata a música tradicional tratada con harmonías coloristas. Diferentes ritmos característicos da nosa cultura popular conflúen para dar forma á obra.

Strange Humors. John Mackey (1973-)

Mackey, un dos compositores estadounidenses máis en boga do momento, estudou composición con Donald Erb en Cleveland. Amais, realizou un Master en Composición na Julliard no ano 1997, sendo alumno de John Corigliano. É curioso que non estudara ningún instrumento antes de compoñer, o que en palabras do propio Mackey “demostra que non é necesario”.

A peza naceu como un cuarteto de cordas con Djembé. Foi transcrita para cuarteto de clarinetes, posteriormente para cuarteto de saxofóns, e no ano 2006, foi instrumentada polo propio autor para banda de música.

A música representa unha fusión de culturas: as melodías e ritmos sincopados da música Klezmer co acompañamento da percusión africana.